

BREVE GUÍA PARA A COEDUCACIÓN

O primeiro paso para ler esta guía é colocar as túas **lentes violetas**¹, se non tes, faite rápido con unhas. Comeza o curso cun enfoque feminista!

1.- A socialización diferenciada



Imaxina a túa vida cunha etiqueta xigante que definira quen ou como debes ser? Agora, deixa de imaxinalo e comeza a observar ao teu redor coas lentes violetas ben enfocadas

Xa desde antes do noso propio nacemento, segundo a sociedade e a cultura na que somos concibidas, se nos asignan roles e estereotipos en función das características biolóxicas coas que nacemos (sexo), e esas características van determinar a nosa pertenza a un xénero social ou outro (masculino-feminino). Así, a orde social está garantida, e cada persoa aprende o papel que debe desenvolver na súa vida.

A nosa etiqueta ponse en marcha a través dos **estereotipos de xénero**, as ideas preconcebidas de como deben comportarse, actuar, ser, sentir e vivir os homes e as mulleres na sociedade que habitan.

Este proceso de aprendizaxe é o que coñecemos como **Socialización de Xénero Diferencial**, algo así como *a escola da vida*, na que, a través de mecanismos e axentes de socialización, imos construíndo as nosas identidades individuais.

Esta socialización baséase nos **principios de complementariedade e exclusión (pensamento dualista)** asignando papeis e características diferentes a mulleres e homes. De tal xeito que ou es home ou es muller -o que non está nun lado está noutro-, e as mulleres son todo aquilo que non son os homes, e viceversa.

Sabías que.... as nenas a partir dos 6 anos se senten menos intelixentes que os seus compañeiros varóns? e que consideran que as súas compañeiras son tamén menos intelixentes que os seus compañeiros varóns?²

¹ Metáfora "da toma de consciencia" coa que se define como cambia o punto de vista dunha persoa cando comeza a formarse no feminismo. Foi utilizada pola escritora Gemma Lienas no seu libro *O diario Violeta de Carlota*, un texto sobre igualdade e feminismo dirixido a público adolescente.

Algúns estereotipos de xénero.... "as mulleres son...." - "os homes son...."

<i>Estereotipos da feminidade</i>	<i>Estereotipos da masculinidade</i>
<i>Biologicamente inferiores (física e mentalmente)</i>	<i>Biologicamente superiores (física e mentalmente)</i>
<i>Deben ser pasivas e submisas</i>	<i>Poden ser agresivos e dominantes</i>
<i>Son calmadas e estáticas</i>	<i>Activos e dinámicos</i>
<i>Son afectuosas, emotivas e cálidas</i>	<i>Pouco afectuosos e inexpressivos</i>
<i>Son temerosas</i>	<i>Valentes</i>
<i>Son dependentes, precisan apoio (masculino)</i>	<i>Independentes, non precisan axuda</i>
<i>Son ansiosas e alteradas (histéricas) - descontrol emocional</i>	<i>Son mais controlados -- control emocional</i>
<i>Aptitudes para o traballo manual</i>	<i>Aptitudes para o traballo físico e intelectual</i>
<i>Son subxectivas e irracionais</i>	<i>Obxectivos e racionais</i>
<i>Maior capacidade para actividades relacionadas coas letras</i>	<i>Maior capacidade para actividades de cálculo numérico</i>
<i>Precisan axuda e apoio (masculino)</i>	<i>Autoeficientes e autoeficaces</i>
<i>Limitadas ao espazo privado (espazo doméstico)</i>	<i>Libres para desenvolverse no ámbito do público(vida social, laboral, profesional, política,...)</i>
<i>A súa sexualidade está destinada á reprodución, e a dar pracer ao outro</i>	<i>A súa sexualidade está destinada ao pracer propio</i>

² Son datos do seguinte estudo: Lin Bian, Sarah-Jane Leslie e Andrei Cimpian (2017): "Gender stereotypes about intellectual ability emerge early and influence children's interests"(2017), *Science*, vol. 355, pp. 389-391. (DOI: 10.1126/science.aah6524)

O sexo marca diferencias, o xénero crea desigualdades

Nota: É moi importante que distingamos o biolóxico (sexo) do cultural(xénero)

¿Algunha vez escoitaches expresións como "Choras como unha nena!", "Tes que ser mais feminina"?

Estas afirmacións categóricas nacen da interiorización destas crenzas, os estereotipos, froito dunha educación machista na que tanto as mulleres como os homes estamos inmersas. Son expresadas como afirmacións absolutas e certas, cando tras elas atopamos opinións construídas social e culturalmente.

Hai mulleres coidadosas e sensibles, pero tamén de seguro coñecemos a homes que o son; hai homes fortes e valentes, pero todas coñecemos a mulleres que tamén.

"Eu plantei, sementei e recollín nos celeiros, sen que ningún home me puidese gañar. E non son eu unha muller? Podía traballar coma un home, e comer tanto coma el cando tiña comida e tamén soportar o látigo! E non son eu unha muller? Eu parín trece fillos e vin á maioría deles vendidos como escravos... e entón, non son eu unha muller?"

Sojourner Truth

Se a cultura na que vivimos é machista,³ dunha forma ou outra o machismo vai impregnando as nosas vidas, e a base de repetición, e repetición, e repetición no tempo, queda fortalecido nos nosos inconscientes e... sen querelo reproducímolo. As consecuencias e o impacto deste modelo son maiores entre as nenas-mozas-mulleres, xa que o sexismo minusvalora, rexeita e invisibiliza a metade da poboación; pero tamén ten un impacto extremo entre todas aquelas persoas con identidades diverxentes e que non responden ás características asignadas do masculino hexemónico (o da táboa anterior).

"O problema cos roles de xénero é que prescribe como teríamos que ser, no canto de recoñecer como somos. Imaxínade canto máis felices seríamos, canto máis libres de ser quen somos en realidade, se non soportásemos a carga das expectativas de xénero."

Chimamanda Ngozi Adichie

Claves para rachar cos estereotipos de xénero

- Convida as nenas a experimentar, crear, liderar, explorar o mundo e a ocupar o espazo público que tamén lles pertence.
- Convida os nenos a seguir modelos mais cooperativos, corresponsables, pacíficos e liberadores.
- Fomenta as relacións afectivas entre nenas e nenos en todas as etapas da infancia.
- Promove o uso dos espazos públicos e privados de forma equitativa e pacífica.
- Amosa novos modelos de nenas con poderío sendo protagonistas, con autonomía, liberdade e visibilidade.
- Educa co exemplo: as nenas e os nenos observan e imitan o que fan as maiores.
- Crea espazos para a reflexión colectiva e a autocrítica: encontros nos que o diálogo sexa protagonista, para as conversas e a escoita activa. Dende o positivo, deixando a rabia e o enfrontamento para transformar entre todas as partes dende a tranquilidade. ¡Para cambiar a mirada hai que desfacerse de todo o aprendido!

³e racista, e edadista, e xenófoba, e homófoba, é tráfoba,..... As diferentes categorías que poden ser causa de opresión nunha persoa (interseccionalidade) Pensa nunha muller nunha sociedade machista, se ademais é negra, é lesbiana, é pobre.... A interseccionalidade dános unha visión mais ampla da discriminación.

2. O espazo público é de todos.... e de todas?

¿Por que educamos as nenas no medo a estar soas nas rúas? ¿Por que é moi habitual ver nenos ocupando os espazos públicos con liberdade nas súas bicis, patíns, xogando á pelota....? Algunha vez te preguntaches por que isto acontece, cres que é unha casualidade, ou simplemente unha cuestión de gustos: ás nenas non lles gusta, aos nenos si? E se a próxima vez que vaias a un parque observas con atención como e onde xogan as nenas, e os nenos? E no patio da escola?

Para as mulleres ocupar os espazos públicos dende a seguridade e a equidade continúa a ser un dos grandes camiños por explorar

Un exemplo no que podemos observar con claridade a diferente ocupación dos espazos por parte das nenas-mozas e nenos-mozos son os **Patios Escolares**, sen importar as idades, sen importar o ciclo, sexa un centro de infantil e primaria ou sexa un centro de secundaria. A maior idade maior desagregación nos patios.

Os patios da escola son o lugar para o lecer na xornada lectiva, no que conflúen as diversidades individuais e as colectivas entres risos, xogos, relacións persoais, segredos e complicidades, pero tamén é un espazo amplo no que se fan moi visibles as relacións de poder asimétricas na ocupación dos espazos ou as situacións de exclusión das nenas e tamén dos nenos considerados diferentes/raros por non seguir un modelo de masculinidade hexemónica.

Que e quen ocupa o centro do patio no noso cole?

Nunha primeira observación, en moitos centros, podemos comprobar que no deseño tradicional dos nosos patios escolares o espazo central, ou eixo vertebrador, está ocupado polo campo de fútbol, un IN-MEEEEEN-SO campo de fútbol. Nalgúns centros de ensino o campo de fútbol é en si mesmo o patio. E ese espazo central é o lugar utilizado, maioritariamente, polos nenos que practican este deporte, ou xogos que o invaden, mentres as nenas e os outros nenos son relegados aos espazos periféricos e alternativos. ¿A que cres que poden estar xogando?

E non, non se trata de eliminar as pelotas dos patios, de feito hai moitos outros xogos nos que a pelota é fundamental, se non de deseñar estratexias e dinámicas de cambio para transformar as zonas comúns de convivencia na vida escolar en espazos inclusivos e libres de violencias e sexismo.

Algunhas claves para Patios Inclusivos....

- *Observa os usos e a ocupación que nenas e nenos fan dos espazos escolares (patio, biblioteca, zonas deportivas, aulas...), parques, rúas...*
- *Facilita espazos de encontro para compartir, entre toda a Comunidade Educativa, as conclusións das observacións deben servir para propoñer solucións dende a coeducación.*
- *Elabora propostas de cambio, transformadoras, co apoio de toda a Comunidade Educativa (alumnado, familias, claustro, persoal traballador do centro) Sumar neste caso multiplica!!!*
- *Deseña novas formas de distribución dos espazos para favorecer os encontros, a cooperación, a colaboración e a as relacións pacíficas.*
- *Deseña proxectos e protocolos de dinamización do tempo do patio, dende o claustro, para garantir a inclusión e o uso equitativo del.*

3. Axentes de Socialización

¿Como aprendemos a reproducir o sexismo? ¿como pode a sociedade transmitiros este modelo cultural? A partir dos chamados **axentes de socialización**, grupos, institucións e organizacións que directa ou indirectamente perpetúan este modelo de ordenamento social: familia, sistema educativo, confesión relixiosa, grupos de iguais, medios de comunicación.... Como ves estamos rodeadas de mecanismos que nos transmiten mensaxes que van marcando a nosa identidade. É mais, nós mesmos e nós mesmas somos axentes de socialización en activo.

Imos centrar a nosa mirada coas lentes violetas nos axentes relacionados co contexto desta axenda: A familia e o sistema educativo.

En familias

*"Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos"
Artigo I da Declaración Universal dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas*

Lembras cando dicíamos que isto das etiquetas viña de serie? pois máis ou menos é nosos contextos familiares onde a socialización comeza a pór o seu motor en marcha.

A cousa comeza durante o embarazo (diríamos que mesmo cando comezamos a proxectar o embarazo), é o momento das expectativas, da posta en funcionamento dos dexesos,...

-Será nena? será neno? eu prefiro as nenas, disque son mais amorosas, e sempre van saber coidar... Pois eu prefiro neno, sempre mellor o primeiro neno, e logo... logo xa se verá..... ademais se nos sae futbolista?! (xa temos prota para o campo de fútbol do cole)

En xeral, a maioría da xente comeza a tolear **por saber** que será?! que en realidade significa cal vai ser o seu sexo....!?. Neste punto, se che presta, fai memoria (se es nai, pai ou simplemente adulta), pregunta na casa ou observa ao teu redor, se hai algunha muller embarazada, que está a acontecer. Atoparás que hai toda unha serie de elementos identificadores, de fiabilidade dubidosa, do sexo: a forma da barriga, o tamaño da barriga, a frecuencia cardíaca, a cantidade e tipo das patadas da criatura, a acidez durante a xestación, incluso as náuseas son un posible indicador do sexo.

Esta necesidade baséase noutra mais inconsciente: a necesidade de proxectar a vida futura desa persoa que está por nacer: de qué cor debemos mercar a roupa, cómo pintaremos o cuarto, con qué xoguetes imos agasallar.... En definitiva estamos asignándolle a súa **identidade de xénero** en base á información sobre o seu sexo.

É un proceso naturalizado e automático, considerado norma, que ten que haber diferenzas, sen pensar nas consecuencias. Poucas persoas se cuestionan que, neste momento máxico, asignar unha identidade de xénero (ou outra) é unha fonte de desigualdades que pode implicar limitacións e discriminacións.

Pero a familia é moito mais que unha forma de organización, a familia está formada por persoas individuais, cada unha coa súa identidade de xénero, a súa aprendizaxe, a súa socialización...., en definitiva: a súa mochila vén sobre cargada de condicionantes culturais. Estes actúan inconscientemente no día a día das nosas vidas familiares e, se ben, no inicio somos expectativas, co paso do tempo cada unha de nós aprende a observar e reproducir comportamentos próximos: *Quen coida?, quen limpa? quen traballa no espazo público? quen ten mais tempo o mando a distancia da tele? quen conduce? quen cocina? quen fai deporte? quen xestiona a roupa dos armarios? quen ten mais vida social, activista, política....? quen toma as decisións de cuestións importantes para toda a familia? e, en función do noso xénero asignado aprenderemos o comportamento apropiado.*

Estaría ben facernos un **vídeo-selfie** para observar os comportamentos inconscientes que perpetuamos e poder modificalos, non cres?

Xogos e xoguetes non sexistas e non violentos

A socialización diferencial pousa os seus tentáculos tamén na forma na que xogamos.

Moita da nosa aprendizaxe, sobre todo nas etapas iniciais da vida, realizámola a través da observación e do xogo. Que é o que máis lles pode gustar a un grupo de nenas e nenos?, pois xogar. E de seguro que, se nas aulas ou na casa cada vez que tiveramos que aprender algo tedioso nos permitiramos facelo como un xogo, sería máis divertido, non?

Isto é así porque xogar é unha experiencia única, divertida, que favorece o desenvolvemento tanto individual como inter-relacional. A través do xogo adquirimos multitude de destrezas, saberes, valores e habilidades sociais elementais para a aprendizaxe cognitiva e emocional. Pero, tamén a través dos xogos, e dos xoguetes, descubrimos o papel social asignado polas nosas características biolóxicas e o xénero.

Seguro que máis dunha vez paseaches á procura dun xoguete para un agasallo polos corredores dunha tenda de xoguetes, de seguro que en épocas do ano concretas recibes na caixa de correos da túa casa catálogos de xoguetes?

Se analizamos estes espazos e contidos publicitarios observaremos que o mundo que nos trasladan está basicamente dividido en dous espazos definidos e ben identificados por cores cun so golpe de mirada.

- **O mundo rosa⁴**, no que as nenas están presentes e no que todo xira ao redor do culto ao corpo e a estética (beleza), ao rol de coidadora e á aprendizaxe de tarefas do espazo doméstico.

- **O mundo azul** das construcións, dos xogos de aventuras e competitivos, do universo de súper heroes e dos videoxogos e as tecnoloxías

Sóache?

E si, atopamos xogos/xoguetes que escapen a este mundo de cores binario, pero tamén neles podemos observar diferenzas nas recomendacións de uso: as cores, por exemplo, das bicicletas ou dos patíns.

Por se che presta..... Revisa catálogos de produtos xeneralistas, aproveita para facelo nas datas de celebracións como o día do pai ou a nai, e observa se atopas diferenzas cos catálogos de xoguetes para menores

⁴ Esta división en Rosa (feminino) e Azul (masculino) pode estar representada por cores similares ou gamas cromáticas extensas. Para o mundo rosa: todos caracterizados por cores pastel e baixa intensidade, diferentes tonalidades de rosas, malvas, lilas claros.... Mentres que no mundo azul atopamos cores de alta intensidade: vermello, verdes escuros (militares), diferentes tonalidades de azul, laranxas....

Algunhas reflexións para elixir xoguetes inclusivos

1. As diferenzas enriquecéennos, ofrezamos xogos e xoguetes que reflectan a **diversidade** e os **valores** humanos e persoais.
2. As nenas e os nenos aprenden xogando, agasallemos con xogos e xoguetes que favorezan o desenvolvemento da súa **creatividade e imaxinación**. Non limitemos o seu potencial.
3. A **variedade de cores é infinita** no mundo, non reduzamos ao rosa e ao azul as posibilidades.
4. Non hai xogos de nenos e xogos de nenas, **rompamos cos estereotipos** impostos.
5. Observemos e elixamos xogos e xoguetes que favorezan a **cooperación** e a **creación de lazos**. Evitemos os que fomenten condutas violentas e agresivas.
6. Un xoguete **atractivo** facilita o xogo mais dunha vez, se é **didáctico** favorecerá o gusto pola aprendizaxe.
7. Fixémonos nas personaxes **protagonistas** das aventuras e das historias dos xogos. As **mulleres e as nenas** tamén somos **parte do mundo**, non as invisibilicemos.
8. Permitamos que as nenas e os nenos participen na selección dos xogos e os xoguetes sen que o seu sexo condicione . Observemos que sexan **axeitados á idade e ao gusto**.
9. Aprendamos a compartir espazos e tempos con **xogos cooperativos e relacionais** nos que nenos e nenas desenvolvan os afectos.
10. Elixamos xogos e xoguetes para nenos e nenas que poñan en valor os **afectos e os coidados** das persoas e os propios coidados.

Fonte: Xogando a Igualdade Conta. Tríptico campaña xogos e xoguetes non sexista e non violentos. Biblioteca do Ceip Apóstolo Santiago- Comisión de Xénero (2017)

As palabras sempre importan

O que non se nomea, non existe.

A linguaxe é a ferramenta coa que podemos construír as mensaxes do noso pensamento para poder comunicar e comunicarnos co mundo que nos rodea. A linguaxe é tamén unha construción cultural impregnada das súas características, incluído o sexismo.

Coa socialización aprendemos a linguaxe concreta da nosa cultura, as expresións e os usos para comunicarnos, e con ela adquirimos e asumimos os valores, comportamentos, actitudes e coñecementos que nos permiten comprender e interpretar a nosa realidade máis próxima. As nosas palabras din moito de nós e do que pensamos.

Sóanche frases como “Eu non son racista pero.....” , “Eu non son machista pero....” “Os homes machistas mal, pero as mulleres machistas peor”, “Son as nais as que educan así” “Estás un pouco histérica, non estarás nun deses días?”, “Muller no volante, perigo constante” ??? Seguro que nalgunha ocasión alguén (ou quizais tamén nós) utilizounas en conversas, ou rimos con chistes ou expresións cheas de sexismo sen percibir ou ser consciente da carga ideolóxica que teñen. Así, a linguaxe vai configurando o noso imaxinario individual e colectivo. E nós, por mor da socialización, e como axentes de socialización, imos reproducindo inconscientemente ese modelo. Vai sendo hora de parar e tomar consciencia, non cres?

Outro dos elementos característicos da nosa comunicación é o uso androcéntrico da linguaxe que invisibiliza e oculta a parte da poboación e condiciona os nosos pensamentos determinando a percepción do mundo que temos.

O referente é o **masculino universal**, a medida de todas as cousas, coa que nomeamos e significamos a nosa existencia.

Un home e o seu fillo viaxaban nun coche. Tiveron un accidente; o fillo foi trasladado ao hospital. Alí o cirurxián que o vai operar di: "Non podo operalo porque é o meu fillo"

Cando utilizamos o masculino universal como ideal xenérico, deixamos fora do discurso as mulleres, as nenas e a todas as identidades non binarias, excluíndoas, menosprezándoas e non considerándoas suxeitos protagonistas da acción.

É necesario mudar e incluír a todas as realidades nos discursos, mudar os nosos esquemas mentais e de pensamento para artellar novas actitudes comunicativas dende unha mirada máis igualitaria e feminista.

Podes probar

- Expresando valores, comportamentos, características e capacidades das persoas sen ter que facer referencia ao sexo.
- Nomeando a metade da poboación mundial para rachar coa inercia e discursos baseados no uso sexista e discriminatorio da linguaxe.
- Creando e nomeando outros referentes para interiorizalos nos idearios individuais e no imaxinario colectivo.
- As nenas e os nenos constrúen o seu imaxinario a partir da percepción do mundo que os rodea. Nomea as diversas realidades permite incluílas e valoralas dende os primeiros anos de vida.
- As linguas son ricas e posúen moitas fórmulas para facer un uso non sexista da linguaxe (xenéricos, abstractos, ambos os xéneros gramaticais, xerundios, pasivas...)
- Cada vez temos mais referentes mulleres na nosa sociedade, pioneiras en campos antes non habituais para elas. Imos nomealas!!!

Outro axente de socialización importante que suma nesta aprendizaxe son os **medios de comunicación** e como a través da publicidade recibimos centos de impactos visuais, anuncios e publicidades cargados de estereotipos de xénero sexistas, a partir dos que imos construíndo a representatividade tamén dos nosos corpos xenerizados. *Mulleres perfectas, con curvas imposibles e maquillaxes waterproof, que cheiran a nubes e poden montar a cabalo ou correr unha maratón en tacóns mentres preparan unha succulenta sobremesa no forno de última xeración. Homes fortes e atléticos, protagonistas de aventuras increíbles para salvar a algunha princesa inocente e indefensa ao tempo que seducen a caixeira do súper mentres fan a compra.*

Quen pode acadar ese ideal? a resposta é sinxela...: ninguén

Nas festas tamén actuamos

Paráches a observar os festivais, os contidos das actuacións, os xogos.... das festas escolares?

Se analizamos os espazos de ocio e participación da comunidade educativa coa nosa, xa avanzada, mirada coeducativa, seguramente observaremos que en moitas das ocasións estamos a perpetuar roles e estereotipos de xénero, inconscientemente, e fomentando a pervivencia da violencia simbólica que os xustifica.

As festas teñen un significado de arraigo na vida escolar, son espazos de encontro lúdicos para festexar e celebrar por parte de toda a Comunidade Educativa. En moitas ocasións, as festas, os festivais ou as celebracións ao longo do ano, son froito do esforzo colectivo do profesorado, as familias e tamén do alumnado.

Para moitas familias son, en ocasións, os únicos momentos que garanten o achegamento á vida do centro e a interacción con outros membros da súa comunidade escolar; motivo máis que suficiente polo que aumenta o seu valor, e mais que imprescindible para deseñar estratexias de cambio para a súa organización libre de sexismo.

Lembras algunha das últimas festas do teu centro (Entroido, Maíos, Festival de Fin de curso...), algunha festa infantil nun parque de bolas ou centro comercial? Seguro que o gozaches?. E agora fai memoria? lembrás a música, o vestiario e *atrezzo* das nenas e a dos nenos ou a organización das actividades?

Cando deseñamos as festas, queremos que todo saia xenial, madia leva!, pero en moitas ocasións esquecemos facer unha valoración destes elementos que son os grandes protagonistas do poder invisible da violencia simbólica actuando contra as nenas a través do que non se percibe coma un perigo: roupas que distorsionan as idades reais das nenas-mozas que as levan, elección de poses e movementos hipersexualizados que imitan coreografías de vídeos musicais de moda, o lugar, a posición que ocupan no escenario desde a invisibilidade ou a sobreexposición como obxectos de beleza decorativos aos que mirar, a falta de apoderamento feminino, o desinterese porque as nenas poidan expresar como se senten cando van vestidas como adolescentes *femmes fatales*; ou a normalización de certos modelos masculinos como os *malotes* atractivos, heroes e superhomes, protagonistas que pisan forte no escenario mentres elas caen rendidas aos seus pés, ou se pasean ao seu redor para ser tidas en conta.

Esta é unha imaxe referente en moitos centros de ensino (en tódalas etapas: infantil, primaria, ESO, bacharelato....)

Podemos crer que estas representacións nin son intencionadas nin pensadas para ofender nin discriminar, pero temos que asumir que tanto, se hai intención como se non, o impacto sobre o alumnado e sobre o resto da comunidade educativa é o mesmo nos dous casos.

Algunhas cuestións para a reflexión..... Centramos a mirada no que acontece no escenario principal, pero que pasa detrás de *bambolinas*? quen está detrás de toda esta montaxe? Nais e pais? Profesores e profesoras? ¿Están(mos) por igual? ¿Participamos as nais e os pais do mesmo xeito na vida escolar? E no claustro? A implicación é a mesma das docentes que dos docentes? Se hai petiscos, quen os prepara? quen pon e recolle as mesas para as merendas no cole? Quen se ocupa dos aspectos técnicos (lucos, son...), Quen limpa despois da festa) Como cres que actúan os estereotipos e roles de xénero, porque están moi, pero que moi presentes.

Algunhas ideas para organizar as festas....

- Facilita a participación activa na toma de decisións do alumnado para que podan expresar con liberdade opinións, sentimentos, resistencias e propostas de mellora.
- Atende as diversidades e necesidades específicas do alumnado.
- Selecciona materiais audiovisuais libres de sexismo (especial atención ás letras de cancións, imaxes nos vídeos, etc.) Se é necesario, crea unha comisión avaliadora con diferentes membros da comunidade.
- Presta especial atención ao vestiario elixido, para evitar a cousificación ou hipersexualización das nenas-mozas.
- Fomenta o equilibrio na representatividade e o protagonismo no escenario da maior diversidade posible de participantes.
- Deseña actividades que fomenten valores de cooperación, colaboración e respecto polas diversidades.
- Poñede sobre as mesas as tarefas que se reparten as nais e os pais, e valorade a posibilidade de cambiar de tarefas se estas están a reproducir os roles tradicionais.

4. Diversidade sexual e de xénero.

A diversidade é un dos valores que temos como sociedade, deixemos que cada persoa sexa libre de elixir a súa identidade. ¿Por que limitarnos a dúas cores (rosa-azul) cando o universo ofrece un arco da vella de posibilidades? Que cada persoa poida expresarse tal e como é, como quere ser, como sente que é, como quere amar e ser amada, con seus gustos, intereses, desexos....É unha cuestión de dereitos humanos e de facilitar que todas as persoas teñan vidas dignas de ser vividas.

Identidade de xénero

Pero... que é o **xénero**? Pois unha construción social, na que en base ás diferenzas biolóxicas de cada sexo, se definen as súas características sociais e culturais e se clasifican en dúas categorías: xénero masculino e xénero feminino. Ou o que é o mesmo: unha clasificación das características das persoas en base á xenitalidade, un modelo binario que non contempla outras opcións, un modelo abondo discriminatorio; non cres?

De feito este modelo exclúe, por exemplo, as persoas intersexuais, que portan unha variación que presenta características xenéticas e fenotípicas tanto de varón coma de muller. Estas variacións son visibles a nivel externo coa presenza de xenitais diferentes aos normativos e cun amplo abano de posibilidades⁵ Ante esta diverxencia do normativo xorde a gran dúbida social ¿que xénero teñen estas persoas? Son masculinas? son femininas? e ti... que cres?

A mellor resposta: deixemos que cada quen decida. Que poida definir a súa identidade.

Cres que é sinxela esta resposta? Por que temos que limitarnos a dúas opcións, por que so dous xéneros e dúas posibilidades de identidade de xénero?

Sabías que.... nalgunhas culturas se contemplan diversas catalogacións de xénero. Rexións en Tailandia(Kathoey), Samoa(Fa'afafine), Hawai (Mahu), México (Muxe Zapotecas) ou Indonesia(Hijra). Cada unha destas rexións do planeta contemplan e utilizan nomes específicos para cada tipo de persoa.

Identidades de xénero mais coñecidas....

- **Cisxénero:** Son as persoas nas que hai concordancia entre a súa xenitalidade e o seu xénero social.
- **Trans:** persoas transexuais ou transxénero. A transexualidade significa que unha persoa que, por exemplo, nace con pene identifícase co xénero muller (e viceversa), en termos binarios. Unha persoa transxénero non se sente identificada co xénero social asociado aos seus xenitais pero tampouco ao oposto, rompendo así co binarismo.
- **Xénero fluído:** Persoas que poden sentirse en ocasións varóns e en ocasións mulleres.
- **Xénero Queer:** Este concepto agrupa a todas as persoas que non queren ser identificadas con ningún xénero, rompen totalmente co modelo de organización binaria de varón-muller. Considerase unha identidade totalmente libre nas posibilidades de expresión.
- **Axénero:** persoas que non se identifican con ningún xénero actual.
- **Panxénero:** Persoas que senten a unión de varios xéneros ao tempo, non de forma fluída (xénero fluído) senón de forma fixa.

⁵ Escalas de variacións nos xenitais externos que diverxen dos habituais e que poden ser entre xenitais con características identificables entre o pene e a vagina: menor abertura, clítoris maior, pene de menor tamaño con testículos e cunha pequena abertura....

Orientación Sexuais

A maioría das nosas expresións culturais sobre o amor, os modos de amar e/ou de relacionarse afectiva e sexualmente enfócanse exclusivamente na heterossexualidade, considerada como a sexualidade normativa, a "normal": É o que coñecemos como *heteronormatividade*.

As letras das cancións, a literatura, o cine, a televisión, a publicidade... achégannos un coñecemento concreto do que significa amar e, sobre todo, dinnos como e a quen tes que amar en función do teu sexo-xénero. Nós (como axentes de socialización) encargámonos de reproducir este coñecemento sen reflexionar sobre a mensaxe transmitida. Todas estas manifestacións danse dende a nosa infancia, e dende eses primeiros anos de vida imos transmitindo a idea de que a heterossexualidade é o normal e a norma

Fai memoria: Algunha vez te preguntaron, ou preguntaches a unha nena se tiña mozo, ou a un neno se tiña moza?

Partindo, en primeiro lugar, do irrelevante e innecesario desa pregunta a un neno ou unha nena pequena, estamos dando por sentada a súa heterossexualidade. Igual é unha pregunta cargada de prexuízos, non cres? A fin de contas a heterossexualidade non é máis ca unha das orientacións sexuais posibles que unha persoa pode ter, ademais de presupoñer que as persoas temos que organizar as nosas vidas en torno a unha parella para alcanzar a felicidade, cando hai outros modelos de establecernos.

Definición de Orientación sexual: Fai referencia a atracción afectiva e sexual que as persoas teñen por outras persoas

Tipos de orientacións sexuais máis habituais....

- **Heterossexual:** Persoas que senten atracción por persoas do sexo oposto.
- **Homossexualidade:** Persoas que senten atracción por persoas do seu mesmo sexo.
- **Bisexual:** Persoas que senten atracción por persoas do seu sexo ou do sexo oposto.
- **Pansexual:** Termo que refire ás persoas que se senten atraídas por persoas sen importar nin o seu xénero, nin o seu sexo.

Están son as orientacións consideradas máis comúns e coas que máis persoas se senten identificadas, pero non son as únicas. ¿Atrévete a buscar información sobre outros tipos de orientacións sexuais?

O avance cara a unhas relacións baseadas na igualdade de dereitos e oportunidades só vai ser posible se, como sociedade, poñemos en valor e cultivamos a diversidade.

Para lembrar....

- **Sexo Biolóxico:** Fai referencia aos atributos fisiolóxicos que definen o feito de ser macho ou femia da especie.
- **Identidade de xénero:** A identificación ou falta de identificación que unha persoa ten en relación ao seu sexo biolóxico
- **Orientación sexual:** Fai referencia á atracción sexual e afectiva que sentimos por outras persoas do mesmo sexo, ou do oposto (homossexual, heterossexual, bisexual, pansexual).
- **Conduta sexual:** Son os episodios de carácter sexual na vida de cada persoa, tamén coñecidos como *prácticas sexuais*.

5. Botrato para unhas relacións libres de Violencias Machistas

Para eliminar as violencias machistas, primeiro imos ter que coñecelas e identificalas. A definición máis habitual e de consenso de *Violencia de Xénero* é a formulada dende a Asemblea Xeral das Nacións Unidas:

“Todo acto de Violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se esta se produce na vida pública como na privada”

Art.1. Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a muller. Asemblea Xeral das Nacións Unidas(1993).Definición de Violencia de Xénero

Podemos afirmar que a *Violencia de Xénero* é a manifestación mais extrema do sexismo e das desigualdades sociais existentes entre mulleres e homes. Até hai non moitos anos era considerada un problema privado, un asunto de parella, pero hoxe en día sabemos que constitúe unha lacra social que precisa da implicación de toda a sociedade para podela resolver, e da sensibilización de todas e cada unha de nós para identificar e acompañar as mulleres que a sofren.

As violencias machistas son reproducidas baixo o paraugas do modelo de dominio e submisión aprendido e sostido pola socialización diferencial na que o masculino é percibido como superior respecto do feminino.

As violencias son mecanismos utilizados para poder manter as desigualdades de poder sociais e poñer freo aos avances cara á igualdade, a equidade e a xustiza social.

A organización Mundial da Saúde declarou no ano 2013 que a *Violencia de Xénero* é unha pandemia. Dende o ano 2003, ano no que comezan os rexistros de mulleres vítimas de *Violencia de Xénero*, mais de 1000 mulleres foron asasinadas por violencia machista no estado español.

Para reflexionar....

“A violencia contra as mulleres existiu sempre. O novidoso é definila como violencia e deixar de aceptala” Inés Alberdi

Pensas que existiu sempre? Pensas que aumentou? Pensas que hoxe en día hai máis ou menos tolerancia á violencia de xénero?

Falamos de *violencias*, en plural, porque son moitas as formas nas que se manifesta no cotiá.

Tipos de Violencias de Xénero

- **Física:** Calquera uso da forza física co obxectivo de danar o corpo. Vai dende formas en aparencia leve (por exemplo tirar do cabelo ou agarrar con forza) até as formas máis severas (bater, morder, queimar....)
- **Psicolóxica:** Calquera conduta verbal ou non verbal que produza dano psicolóxico, moral ou emocional. É o tipo de violencia máis frecuente entre as parellas (tamén nas situacións de acoso escolar a outros compañeiros). É a máis difícil de ver pero, non por invisible menos grave, xa que afecta á autoestima da persoa até anulala: illamento, manipulación emocional, culpabilidade do que lle acontece, insultos, ameazas,...
- **Sexual:** Calquera acto de carácter sexual forzado ou non consentido. A violencia sexual é un mecanismo de control sobre os corpos e a sexualidade das mulleres.
- **Económica:** Un tipo de violencia que se centra na privación e no control dos recursos económicos.
- **Simbólica:** A máis sutil, tamén coñecida como **Violencia Estrutural**. É a base do modelo social, a que dá soporte a todos os tipos de violencias. Está constituída pola emisión de mensaxes, iconas ou símbolos que transmiten e reproducen os modelos de desigualdade e discriminacións (ideais de beleza, de amor, de relacións, de representación do poder, de organización dos espazos domésticos-profesionais-privados, modelos de familia, o amor romántico...) e argumentan e dan xustificación á subordinación.

Amor, amor, amor..... pero non romántico

O amor romántico non é máis ca un modelo de dominación patriarcal fundamentado na idea de que a conduta amorosa ideal é aquela na que as persoas en parella (xa sabemos que heteronormativas) deben entregarse, en corpo e alma, de xeito incondicional á persoa amada (sobre todo, e máis, as mulleres) esquecendo o seu propio benestar e dereitos individuais. O amor romántico complétanos, dámos plenitude é o amor eterno, ou iso nos contan.

Que é unha relación afectiva sa?

Son as relacións nas que as persoas están a gusto coa parella escollida e baséanse no respecto e o Botrato

Indicadores dunha relación de Botrato

- As túas opinións son tan importantes coma as da túa parella, aínda que sexan diferentes.
- Organizades actividades e pasádelo ben facéndoas.
- Ten igual importancia o tempo que pasades en parella coma o que pasades coas vosas amizades.
- Hai confianza para falar de calquera tema.
- Os conflitos fálanse sen temor nin imposicións.
- A relación funciona igual en público e en privado.
- Compartides actividades con outras persoas e non só entre a parella.
- Búscase o acordo á hora de tomar decisións.
- Sentídesvos libres de facer e dicir o que desexades sen a aprobación da outra persoa

Lembra que...O Botrato non é indispensable só nas relacións de parella, podemos, e debemos, estender esta práctica a todas as relacións da nosa vida: de amizade, laborais, de compañeiras e compañeiros de aula, de familia, etc....

Cuestionario para saber se estás nunha relación sa?

- Abúrreste coa túa parella porque te deixa de lado?
- En ocasións faite sentir mal co que che di ou te fai?
- Interrómpete ou ignórate cando falas?
- Desconfía de ti?
- Impídeche ou moléstalle que esteas con outras persoas?
- Ás veces tes medo das súas reaccións violentas?
- Fai cousas que che molestan para conseguir o que quere?
- Veste na obriga de facer cousas que non che agradan por compracer a túa parella?
- Sénteste culpable porque te responsabiliza das cousas que fai mal ou que poidan magoarte a ti?
- Estás sempre anoxada/o porque pasa da relación e non cumpre o acordado?
- Sénteste nerviosa porque tes medo de non facer as cousas como lle gustan?
- Sentese humillación?
- Sentese control e necesidade de dar explicacións de todo o que fas?
- Tes medo de expresar os teus sentimentos por medo a que diga que tes que calar ou que pense que dis parvadas?
- Ameaza con deixar a relación se fas cousas que lle desgustan?
- Veste na obriga de facer todo o que di?

Se tres ou mais respostas son afirmativas estás nunha relación tóxica. Nada nos obriga a permanecer nunha relación que nos dana. Busca unha persoa de confianza e fala con ela do que estás vivindo para saír do círculo de toxicidade, lembra que xuntas somos mais fortes.

Cambiamos o conto....

Desaprender o sexismo e tomar conciencia das desigualdades de xénero non só nos cambia a mirada para sempre, senón que nos inspira para continuar camiñando cara a un novo modelo de relacións sociais mellores, máis xustas e igualitarias. Apúntate ao **Botrato !!!**

Autora desta Guía: Monse Vilar Figueirido

Coordina: Librería Lila de Lilith

Glosario

Apoderamento: Termo acuñado na Conferencia Mundial das Mulleres en Beijing (Pekin) no 1995, para se referir ao aumento da **participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder**. Actualmente, esta expresión trae tamén outra dimensión: a toma de conciencia do poder que individual e colectivamente, ostentan as mulleres e que ten que ver coa recuperación da súa propia dignidade como persoas. *Plan estratéxico de Igualdade de Oportunidade (2008-2011)* Instituto de la Mujer.

Androcentrismo: Visión do mundo e das cousas dende un punto de vista teórico e do coñecemento, no que os **homes son centro e medida de todo, invisibilizando e ocultando todo o demais como as achegas e contribucións das mulleres á sociedade**. Unha visión androcéntrica presupón que a existencia masculina é "o universal" a principal, a referencia e a representación da humanidade, obviando a experiencia feminina. *Palabras básicas para la igualdad*. Biblioteca básica vecinal

Asertividade: **Habilidade social que nos permite afirmar o que precisamos, queremos e pensamos, e defender os nosos dereitos respectando as demais persoas**, A conduta asertiva implica respecto e autoafirmación, sen agredir nin ser agredida, é a vontade dunha persoa de facer valer os seus dereitos, de expresar as súas opinións, sentimentos, desexos...

Barreiras Invisibles: Actitudes resultantes das expectativas, normas e valores tradicionais que impiden a capacitación (das mulleres) para os procesos de toma de decisións/para a súa plena participación na sociedade.

Coeducación: Método de intervención educativo que vai máis aló da educación mixta e nas que as bases se asentán **no recoñecemento das potencialidades e individualidades de nenos e nenos, independentemente do seu sexo e o seu xénero**. A coeducación é educar dende a igualdade de valores das persoas. *Palabras para la Igualdad*. Biblioteca Básica Vecinal.

Conciliación: Supón **propiciar as condicións para acadar un adecuado equilibrio entre as responsabilidades persoais, familiares e laborais-profesionais**. Trátase dun concepto tradicionalmente ligado en exclusiva ás mulleres, polo que é necesario transcender o seu significado para logra unha auténtica "corresponsabilidade", atendendo en especial aos dereitos dos homes nesta materia, evitando que as mulleres sexan as únicas beneficiarias dos dereitos relativos aos cuidados de menores e outras persoas dependentes. Asumir en solitario estas funcións por parte das mulleres/nais destes dereitos entra en colisión co seu dereito ao acceso e promoción no ámbito laboral. *Plan estratéxico de Igualdade de Oportunidade (2008-2011)* Instituto de la Mujer.

Convivencia: Relación entre dúas ou máis persoas, suxeita a mudanzas constantes. Isto esixirá ás partes un proceso de adaptación, flexibilidade e aceptación do diferente. **A convivencia precisa do establecemento de normas comúns, aceptadas e cumpridas por todos e todas**. A convivencia non é algo oposto ao conflito nin significa ausencia de conflictividade, mais si precisará dunha regulación e resolución pacífica dos conflitos.

Corresponsabilidade: Concepto que vai máis aló da simple "conciliación" e que implica **compartir a responsabilidade dunha situación, infraestrutura ou actuación determinada**. As persoas ou axentes corresponsables posúen os mesmos deberes e dereitos na súa capacidade de responder polas actuacións nas situación ou infraestruturas que están ao seu cargo. (2008-2011) Instituto de la Mujer.

Dereitos sexuais: Fan referencia ao **dereito de exercer unha sexualidade pracenteira**, como tamén ao dereito á liberdade e autonomía na expresión da sexualidade.

Discriminación Horizontal ou Segregación Horizontal: Significa que ás mulleres se lles facilita o acceso a estudos ou empregos que se presupoñen tipicamente femininos -servizos ou industrias de menor desenvolvemento- ao tempo que atopan obstáculos e dificultades para asumir ocupacións que, socialmente, seguen a ser consideradas masculinas, ligadas á produción, á ciencia e aos avances das tecnoloxías. *Plan estratéxico de Igualdade de Oportunidade (2008-2011) Instituto de la Mujer.*

Discriminación directa: Considérase *discriminación directa por razón de sexo* a situación na que se atopa unha persoa que sexa ou puidera ser tratada, en atención ao seu sexo, de xeito menos favorable que outra en situación comparable. *Artigo 6.1. LEY ORGÁNICA 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.*

Discriminación indirecta: Considérase *discriminación indirecta por razón de sexo* a situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poñen a persoas dun sexo en desvantaxe particular respecto a persoas do outro, salvo que esa disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar dicha finalidade sexan necesarios e adecuados. *Artigo 6.2. LEY ORGÁNICA 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.*

Empatía: Fai referencia ao exercicio de aprender a **pórse no lugar da outra persoa**. Non significa vivir para e pola outra persoa, senón entender e respectar a súa maneira de pensar e sentir.

Esteriotipos de xénero: Conxunto de **características que son atribuídas ás persoas en función do seu sexo**. Implican unha xeneralización, negando a individualidade da persoa, creando así unha atribución para o feminino e outra para o masculino.

Feminismo: Conxunto de teorías e prácticas políticas e sociais que defenden o **recoñecemento dos dereitos das mulleres** e loitan pola igualdade entre homes e mulleres. Corrente de pensamento **en permanente evolución** pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre os sexos. Constitúe unha forma diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos. É unha forma de observar a realidade dende a perspectiva das mulleres, é un motor que está a producir o maior número de cambios no sistema e nos valores sociais, conseguindo que as institucións modifiquen as súas políticas sociais e económicas. *Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal*

Homofobia: **Aversión, odio, medo, prexuízo ou discriminación contra as persoas homosexuais,lésbicas ou trans**(sexuais e de xénero).

- Identidade sexual:** Autodefinición que cada persoa fai de si, como pertencente a un sexo: macho ou femia.
- Igualdade de Xénero:** Fai referencia á **ausencia de discriminación en base ao sexo**, sobre as oportunidades e o acceso aos recursos das persoas.
- Interseccionalidade:** Termo acuñado no 1989 pola académica e profesora Kimberlé Williams Crenshaw, que o define como o feito a partir do que cada persoa sofre opresión ou ostenta privilexios en base a múltiples categorías sociais, poñendo de manifesto como as diferentes categorías sociais xeran opresións e privilexios cando se cruzan na mesma persoa.
- Machismo:** Conxunto de normas, actitudes e trazos socioculturais que teñen como fin último perpetuar o **dominio e o control de poder dos homes e a submisión das mulleres**.
- Micromachismos:** Son as **prácticas de dominación masculina** na vida cotiá, o que é practicamente imperceptible, o que está nos límites da evidencia. Son microabusos e microviolencias que atentan contra a autonomía persoal da muller. Estas manobras poden non parecer dañinas, poden incluso parecer naturais, mais o seu poder devastador exercece a través da reiteración no tempo.
- Misoxinia:** Forma de sexismo que implica odio, repudio ou desprezo polas mulleres.
- Orientación sexual:** **Atracción emocional ou sexual que se sente cara a outra persoa**. Se a atracción é cara a alguén do mesmo sexo, falamos de homosexualidade; cara unha persoa de diferente sexo é heterosexualidade, e atracción polas persoas de ambos os dous sexos é bisexualidade.
- Participación:** É concibida como o **exercicio do dereito de cidadanía a incidir e participar sobre os procesos** que afectan o noso propio benestar. Asociándonos estamos exercitando o noso dereito a participar.
- Patriarcado:**Literalmente significa "gobierno dos pais" pero as interpretacións críticas desde o feminismo refírense a el como **un sistema ou organización social de dominación masculina sobre as mulleres, que foi adoptando distintas formas ao longo da historia**. "Sistema familiar e social, ideolóxico e político co que os homes, a través da forza, a presión directa, os rituais, as tradicións, a lei, a linguaxe, os costumes, a educación e a división do traballo, determinan cal é ou non é o papel que as mulleres deben interpretar coa fin de estar, en toda circunstancia, sometidas ao varón". Adrienne Rich.
- Roles de xénero:** **Papeis ou funcións sociais, así como todas as limitacións diferenciadas en homes e mulleres**, que chegan a ser consideradas "naturais" aínda sendo de orixe cultural, e que se apoian nos estereotipos de xénero.
- Sexo:** Condición biolóxica e orgánica que distingue ao macho da femia nos seres vivos (humanos, animais, plantas)
- Sexismo:** Suposición ou **crenza de que o sexo feminino é inferior ao sexo masculino**. Tamén fai referencia aos mecanismos polos que se mantén a situación de inferioridade e subordinación do sexo feminino ao respecto do masculino.

Sexualidade: Construción bio-psicosocial porque inclúe os aspectos físicos, emocionais, intelectuais e sociais do ser sexuado. Tamén pode facer referencia ao conxunto de prácticas sexuais.

Sororidade: Do latín Sor=Irmá. A sororidade tradúcese en irmandade, confianza, fidelidade, **apoio e recoñecemento entre mulleres** para construír outro mundo posíbel, sen deixar de lembrar que todas somos diversas e diferentes. Tradicionalmente as mulleres tiveron que rivalizar entre elas para conseguir o que tiña prestixio, o status, o recoñecemento, o apelido dun home. Durante milenios o patriarcado creou mitos para que as mulleres non teñamos amizades plenas: competencias entre nós (a mais bela, a mais boa, a mais intelixente, a que mais gusta aos demais) e desacreditáronnos como ciumentas, envexosas, competitivas, reprimidas, etc. Trátase dunha nova conciencia de xénero que faga que valoremos o apoio e as alianzas entre mulleres.

Teoría queer: Movemento crítico post-identitario herdeiro do feminismo e do anticolonialismo, que rexeita a clasificación en categorías universais como «home», «muller», «homosexual» ou «heterosexual» e sostén que estas agochan un número enorme de variacións culturais, ningunha das cales sería máis fundamental ou natural cás outras. Prové do termo inglés «queen», que a nivel coloquial era un insulto dirixido ás persoas con formas de vida e identidades diferentes, que saían da norma establecida pola ideoloxía e os estereotipos dominantes. Foi empregado por primeira vez nun artigo de Teresa de Lauretis en 1990. Está moi relacionado co activismo político. A eficacia política do termo «queen» provén precisamente de ser a reapropiación dunha inxuria a pesar de que perde certa potencialidade ao introducirse noutras linguas nas que non está contextualizada. *Glosario de termos en políticas de igualdade e en estudos de xénero*. Universidade de Vigo

Violencia de Xénero: Termo acuñado na *Conferencia Mundial sobre la Mujer en Beijing (1995)* e que se define **como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria da liberdade para as mulleres, xa sexa producida na súa vida pública como no ámbito privado**. Está considerada como o crime encuberto mais frecuente do mundo. *“La violencia contra das mulleres é, quizais, a mais vergoñenta violación dos dereitos humanos. Non coñece límites xeográficos, culturais ou de riqueza. Mentres continúe, non poderemos afirmar que teñamos avanzado cara á igualdade, o desenvolvemento ou a paz”* (Kofi Annan-Secretario Xeral Nacións Unidas entre 1997-2006) Asamblea xeral de Nacións Unidas.

Xénero: Construción social e cultural que fai unha sociedade a partir das **diferenzas biolóxicas coñecidas como sexo**. Mediante esta construción adscribíense, cultural e socialmente, aptitudes, roles e actitudes diferenciadas para varóns e mulleres, atribuídas unicamente en función do sexo biolóxico.

Bibliografía de referencia para a elaboración deste material

- *Guía Previr a Violencia de Xénero. Guía de recursos para promover relacións afectivas saudábeis para asociacións de mulleres.* Coordinación Lilitth-Acción social e educativa. Xunta de Galicia, Ministerio de Sanidad y Política Social, Servizo Galego de Saúde(2009).
- *Guía Tenemos un plan ¿Y si revisamos la igualdad en nuestra asociación?* Patriza Porto Paderne-Lilith Acción social y educativa S.L. Edita Instituto de la Mujer- Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. (2011).
- *Ferreiro Díaz, Lola (coord), Díaz Anca, Chus, Docampo Corral, Gloria, Louzao Campos M^o Jose-Grupo Lúa Crecente-: Coeducación Afectivo-Emocional e sexual.* Colección Estudos. Estudos 4. Xunta de Galicia (2007).
- "Glosario de termos de políticas de Igualdade en Estudos de Xénero." Universidade de Vigo (2014).
- *Ngozi Adichie, Chimamanda: Todos teriamos que ser feministas.* Sushibooks(2017).
- *Querida Ljeawele. Como educar en el feminismo.* Random House(2017).
- *Marroquí, Marina: Eso no es amor. 30 retos para trabajar la igualdad.* Destino (2017).
- *Revista Coeducación, Marzo 2008.* Insituto Andaluz de la Mujer .Consejería para la Igualdad y el Bienestar Social.
- *Agenda Escolar 2017-18.* Instituto Andaluz de la Mujer. Consejería para la Igualdad y el Bienestar Social.
- *El amor no es ciego. 25 Noviembre 09, día internacional contra la violencia hacia las mujeres.* Coeducación. Instituto Andaluz de la Mujer. Consejería para la Igualdad y el Bienestar Social. Textos: Carmen Ruíz Repullo (2009).
- "Vocabulario para la igualdad. Palabras y conceptos clave en el vocabulario de la igualdad". Mujeres en Red www.mujeresenred.net.
- *Subirats, Marina; Tomé Amparo: Balones fuera. Reconstruir los espacios desde la coeducación.* Octaedro Recursos(2013).
- *Fumero, Kika, Moreno Llanaez Mariam, Repullo Ruíz, Carmen: Escuelas libres de Violencias Machistas. Col.lecció estudis de violència de gènere.* Universitar de les Illes Balears. Institut Balear de la Dona (2016).
- *Marañón, Iria: Educar en el Feminismo. Como forma personas libres, seguras de sí mismas sin importar su sexo.* Plataforma Editorial (2018).
- *Bian, L.; Leslie, S., y Cimpian, A. (2017) "Gender stereotypes about intellectual ability emerge early and influence children's interests", Science, vol 355,n.º6.323, pp.389-391 [http://science.sciencemag.org/content/355/6323/389>].*

Bibliografía recomendada

Literatura Infantil

- *Sexo es una palabra divertida*. Cory Silverberg y Fiona Smyth. Bellaterra 2019 (2015) (educación sexual e afectiva desde a diversidade).
- *Cinco minutiños mais*. Marta Altés. BlackieLittle (2019) (corresponsabilidade nos coidados).
- *Vermella*. Sabela Losada Cortizas, ilustracións Minia Regos. Baía Edicións. 2018 Gañadora do I Premio Fina Casalderrey de literatura infantil pola igualdade. (ciclo menstrual para Agora a nenas e tamén para nenos).
- *A reconquista*. Antía Yáñez, ilustracións Ana Pedreira. Baía edicións 2018. I Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (ocupación dos espazos nos patios do recreo).
- *Galofoguete*. Elena Fernández Montes, Inés Varela López. Autoedición. (familia monomarental, roles de xénero non-tradicionais, importancia dos coidados, personaxe non-binario).

Literatura Xuvenil

- *Moxie*. La Revolución de las chicas. Jennifer Mathieu. Cross books (2018) (violencias machistas e organizar a protesta fronte a elas).
- *La carta de Ivi Aberdeen*. Ashely Herring Blake. Puck(2018) (LGTBI na adolescencia).
- *Palabra de Bruxa*. Andrea Barreira Freije. Editorial Galaxia-Costa oeste (2018) (violencias machistas na historia das mulleres).
- *22 segundos*. Eva Mejuto. Xerais. 2017 (transexualidade).
- *Si es amor, no duele*. Pamela Palenciano, Iván Larreyngaga, ilustracións Sonia Lazo. Alfaguara 2017 (violencias machistas nas relacións de parella na adolescencia).
- *A cabeza de Medusa*. Marilar Aleixandre. Xerais. 2008. (violencia sexual).

Adultas-Familia-Docentes

- *Feminismo para principiantes* (edición actualizada) Nuria Varela. B Ediciones(2018).
- *Educación en el feminismo*. Iria Marañón. Plataforma actual 2018.
- *El buentrato como proyecto de vida*. Fina sanz Ramón. Kairós. 2016.
- *Buscando el final del arcoíris. Una exploración de crianza desde la fluidez de género*. Fiona Joy Green e May Friedman, eds. Edicións Bellaterra. 2015.
- *Ámame*. Chis Oliveira, Amada Traba. Galaxia-FEMINISMOS (2018).
- *Querida Ijeawe*. *Cómo educar en el feminismo*. Chimamanda Ngozi Adichie. Random House 2017.
- *Escuelas libres de violencias machistas*. Kika Fumero, Mariam Moreno Llana, Carmen Ruiz Repullo. UIB 2016.
- *Coeducación, apuesta por la libertad*. Marina Subirats. Octaedro 2017.
- *Somos como somos. Deconstruyendo y transformando la escuela*. Mercedes Sánchez Sáinz, Melani Penna Tosso, Belén de la Rosa Rodríguez. Catarata. 2016.
- *Que haría de Beauvoir...? Cómo las grandes feministas resolverían tus problemas cotidianos*. Tabi Jackson Gee y Freya Rose. Larouse(2018).